

XLVIII TROFEO DE CAMPO A TRAVÉS EN SAN MIGUEL DE OIA - VIGO

REGULAMENTO

A Sociedade Deportiva Atletismo San Miguel de Oia, ten o privilexio de convidalos a participar no XLVIII Trofeo de Campo a Través que se celebrará o vindeiro día 14 de Decembro de 2.025 a partires das 10:00 da mañá nos campos Loureiro – Camiño da Verdella de San Miguel de Oia, de acordo coas seguintes normas:

Este ano queremos dedicarlle esta carreira a todas as mulleres que participen na categoría absoluta e deporte adaptado do noso cross, e con tal motivo, faremos un sorteo de 4 vales de compra en material deportivo. Entrarán no sorteo todas as mulleres que se presenten na liña de saída na carreira popular as 11:40 da mañá, e que estean debidamente inscritas en dita competición. Para os homes que cumpran as mesmas condicións tamén se sortearan 4 vales de compra en material deportivo.

1º Participación de atletas doutras federacións autonómicas e estranxeiros/as: Nesta proba a participación de atletas estranxeiros/as e doutras federacións autonómicas rexerase de acordo co disposto nos artigos 16 e 17 da sección terceira do "Reglamento para las competiciones de la temporada 2025 de la RFEA".

Máis información: <https://atletismorfea.es/sites/default/files/2024-03/Reglamento%20de%20Competición.pdf>
Celébranse varias carreiras e a hora de saída e distancias a percorrer das probas son as seguintes:

HORA	CATEGORÍA	ANO	VOLTAS	DISTANCIA
10:00	SUB 16 FEMENINO	10-11	1 V. GRANDE	2.000 m.
10:15	SUB 16 MASCULINO	10-11	2 V. GRANDES	4.000 m.
10:30	SUB 14 FEMININO	12-13	1 V. GRANDE	2.000 m.
10:45	SUB 14 MASCULINO	12-13	1 V. GRANDE	2.000 m.
11:00	SUB 12 FEMININO	14-15	2 V. PEQUENAS (A)	1.075 m.
11:10	SUB 12 MASCULINO	14-15	1 V. GRANDE	2.000 m.
11:20	SUB 10 FEMININO	16-17	2V. PEQUENAS (B)	700 m.
11:30	SUB 10 MASCULINO	16-17	2V. PEQUENAS (B)	700 m.
11:40	CARREIRA POPULAR (Ambos sexos)	05 e anteriores	5V. GRANDES	10.000 m.
11:40	CARREIRA ADAPTADA (Ambos sexos)	23 e anteriores	2V. PEQUENAS	1.000 m
12:50	SUB 18 e SUB 20 (Ambos sexos)	06-07-08-09	2V. GRANDES	4.000 m.
13:00	PREBENXAMÍN FEMININO*	18-19	1V. PEQUENA (A)	527 m.
13:10	PREBENXAMÍN MASCULINO*	18-19	1V. PEQUENA (A)	527 m.
13:15	OLÍMPICOS FEMENINO *	20-21-22-23	CIRCUITO CHAN	100 m.
13:20	OLÍMPICOS MASCULINO *	20-21-22-23	CIRCUITO CHAN	100 m.
13:30	ENTREGA DE PREMIOS			

*Estas carreiras son de promoción non oficiais.

2º As carreiras estarán reguladas baixo o control técnico do Comité de Xuíces da Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo.

3º Os dorsais serán facilitados pola organización e deberán levarse en toda súa extensión, sen dobreces que dificulten a súa visión polos Xuíces, sendo o contrario motivo de descalificación.

4º Tódolos clubs, centros escolares ou agrupacións teñen que estar representados por un delegado que deberá presentarse en secretaría como mínimo media hora antes da hora prevista para o inicio da competición a fin de retirar os dorsais e documentación da mesma.

5º **As inscricións faranse na páxina web [Carreiras Galegas](#)** tendo como fecha límite o día 11 de decembro as 20:00 horas, onde deberán indicar os datos da inscrición requiridos.

6º Os atletas federados deberán indicar obrigatoriamente o número da súa licenza durante o proceso de inscrición.

7º Premios. Para todas as categorías entregaráselle trofeo os tres primeiros de cada categoría e sexo e medalla ó resto dos participantes ata SUB 20.

Na carreira popular entregaranse trofeos os tres primeiros das seguintes categorías, tanto feminino como masculino:

E ademais os seguintes premios en metálico tanto para homes como para mulleres

A- Nados entre os anos 2.005 e 1.992.	D- Nados entre os anos 1.973 e 1.965.
B- Nados entre os anos 1.991 e 1.983.	E- Nados entre os anos 1.964 e 1.958
C- Nados entre os anos 1.982 e 1.974.	F- Nados entre os anos 1.957 e anteriores.

Os vales do material deportivo serán os seguintes:

Para as mulleres	Para os homes
1 vale en material deportivo de 250€	1 vale en material deportivo de 150€
1 vale en material deportivo de 150€	1 vale en material deportivo de 100€
1 vale en material deportivo de 75€	1 vale en material deportivo de 75€
1 vale en material deportivo de 50€	1 vale en material deportivo de 50€

8º Os premios individuais non serán acumulables.

9º A proba está cuberta cun seguro de responsabilidade civil obrigatorio e seguro de accidentes.

10º A organización desta proba non se fai responsable dos danos morais ou materiais que así mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes desta carreira, así como das negligencias que poidan cometer durante o seu transcurso.

11º As reclamacións sobre de este regulamento e outras incidencias non contempladas no mesmo faranse de acordo cos regulamentos da WA, RFEA e FGA en vigor.

12º A inscrición nesta competición implica a aceptación do presente regulamento.

VºBº a Delegación da FGA en Vigo

S.D.A. San Miguel de Oia

O Director Técnico

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día de ránking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Praza Agustín Díaz, s/n. 15008. A Coruña.